

Suxestión ao concello de Fene de avaliar un incremento da dotación de prazas reservadas a mobilidade reducida na mesma beirarrúa da farmacia de Perlío e informar ás persoas usuarias da existencia das prazas reservadas na contorna.

Expediente: V.4.Q/5109/23

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2023

Sr. alcalde:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención XXX con DNI XXX

ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, indícanos a necesidade de incrementar as prazas de estacionamento nas proximidades das farmacias dese municipio, sinalando singularmente a de Perlío. Refería, tamén, a existencia dun acordo plenario nese sentido.

Ante iso requirimos informe a esa Administración, que xa nola remitiu co seguinte contido:

- Informe de situación das prazas reservadas para persoas con mobilidade reducida nas proximidades da farmacia de Perlío.
- Texto íntegro da moción aprobada no Pleno municipal
- Solicitud e informe favorable, por parte do departamento correspondente, de creación dunha praza nas proximidades dun establecemento sanitario en Sillobre.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

PRIMEIRO. Refire o interesado no escrito de queixa a necesidade de contar con estacionamento para persoas con mobilidade reducida próximo aos establecementos sanitarios, en concreto das farmacias do municipio e, aínda máis concretamente, da de Perlío. Concorde esa administración no seu informe na conveniencia de que as persoas que amosan dificultades sanitarias e/ou de mobilidade conten con este tipo de servizos. A modo de exemplo inclúese na documentación achegada informe favorable para a creación dunha nova praza de estacionamento para mobilidade reducida na proximidade do establecemento sanitario de Sillobre, trala solicitude presentada pola titular do mesmo.

SEGUNDO. Respecto da farmacia sita en Perlío, achega o concello un informe emitido pola policía local no que sinalan que existen cinco prazas reservadas nun radio de cen metros arredor. Acompañan este informe mapa da ubicación das mesmas.

A praza máis próxima, na mesma beirarrúa da farmacia está a cincuenta metros, diante dun establecemento hosteleiro, á altura do número 55. Entre dita praza e a farmacia hai espazo reservado para 8/10 vehículos estacionados, dous vaos para saída/entrada de garaxe de dous edificios así como espazo reservado a tres contedores de lixo e dous “moloks” de vidro e papel. Fronte a dita praza, no número 50, hai outra praza reservada.

As prazas ubicadas na parte traseira do número 51 (beirarrúa contraria á da farmacia) están na rúa Santiago, vía de dirección única á que hai que acceder pola rúa Cañotas. Non se inclúe no informe da policía local nin se deduce na visualización do mapa da rúa a existencia de información algunha arredor da farmacia ou na estrada Marqués de Figueroa respecto da ubicación das prazas existentes na rúa Santiago. En canto á praza da rúa Salvador está situada, tamén, na beirarrúa contraria á da farmacia aínda que, efectivamente, nun radio de cen metros e na esquina coa rúa Marqués de Figueroa.

Da documentación consultada dedúcese que a rúa Marqués de Figueroa é un vial moi utilizado, de dobre dirección, que atravesa boa parte do núcleo de Perlío, con importante actividade e tráfico abundante; de feito forma parte da AC-133, estrada que une Fene con Mugardos. Tal e como se indicou, na mesma beirarrúa da farmacia hai unha única praza reservada.

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese concello a seguinte suxestión:

- Valorar, dentro da súa capacidade organizativa, incrementar a dotación de prazas reservadas a mobilidade reducida na mesma beirarrúa da farmacia de Perlío

ou da rúa Xesteira na esquina da rúa Marques de Figueroa, ou achegar a praza existente á altura do número 55 ao número 60.

- Valorar, dentro da súa capacidade organizativa, informar na contorna da farmacia sita na rúa Marqués de Figueroa 60, ás persoas usuarias da mesma, da existencia das prazas reservadas na rúa Santiago e San Salvador, 1.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo